

## OPINIÓN

# A REGULACIÓN DO USO DE ARMAS EN EEUU

Neste número imos falar sobre a libre utilización de armas nos Estados Unidos. Cada día vemos mais noticias que nos sorprenden cas leis que hai nese país respecto ao uso das mesmas.

Unha das noticias máis recentes, foi a dunha masacre que levou a cabo un rapaz de apenas 16 anos que matou a moitos dos seus compañeiros e profesores no seu instituto.

Dado estes problemas, cada vez máis xente pide solucións ao presidente Donal Trump e pídenlle que tome medidas dunha vez para acabar con esta situación. Unha das medidas que plantexou o presidente foi proporcionarlle aos profesores armas para defender aos seus alumnos e a eles mesmos no caso



A shooting victim was assisted Wednesday at Marjory Stoneman Douglas High School in Parkland, Fla., northwest of Miami.

de que alguén entre armado nos colexios e institutos, pero a verdade é que a nós non nos convence demasiado.

Aquí pensamos que unha das medidas máis útiles sería eliminar a legalidade das armas en Estados Unidos e que exista un maior control, como acontece aquí en Espa-

ña onde as persoas teñen que pasar diversas probas para obter unha.

A verdade que é un tema moi complicado xa que o uso delas provocou moitas mortes de persoas inocentes dende fai tempo por todo EEUU.

A REDACCIÓN

## CULTURA, EVENTOS E FESTAS

### AÍNDA QUE FAGA MAL TEMPO, NÓS SAÍMOS IGUAL



O venres día 23, acudimos ao centro comercial As Cancelas. Unha primeira idea, era pasear por Vite pero tivemos un pequeno problema xa que o bar, onde sempre acudimos tomar algo, tiña a terraza pechada e o acceso ao interior do mesmo coas nosas cadeiras de rodas era practicamente imposible.

Dado este problema, pensamos que a mellor solución era ir a outro lado e como dixemos anteriormente fomos As Cancelas. Unha vez alí, paseamos por todo o centro e vimos diferentes escaparates aínda que non entramos en ningunha tenda.

Por último, antes de regresar ao centro fomos tomar uns refrescos a un bar que tiña moito movemento, no cal, puidemos conversar entre nós para acabar a mañá dunha forma inmejorable.

Igual que a semana anterior, os venres seguintes (2 e 9 de marzo) tivemos que optar de novo por ir a un sitio cuberto, xa que o tempo continuaba revoltado. Debido a isto, decidimos acercarnos a Área Central, onde puidemos desfrutar dunha mostra de minerais que había ao longo do centro comercial. Como non, ao final da saída, tomamos un cafeciño e charlamos das nosas cousas.

### VISITA DOS SALESIANOS DA CORUÑA

A saída do venres día 16 non se puido celebrar por mor do temporal xa que en toda Galicia existía alerta laranxa por fortes choivas e vento. Debido a isto, tivemos que pasar o día no centro por motivos

de seguridade. Ese mesmo día, viñeron de visita uns rapaces do colexio Os Salesianos da Coruña.

Fixemos con eles unha actividade de musicoterapia na cal o pasamos

moi ben e rimos un montón. Despois, tomamos un café no cal nos demos a coñecer e contestamos a todo o que nos preguntaron en relación a nosa vida aquí en Sarela. .

### CUMPREANOS DO MES

Este mes de febreiro, soamente tivemos o cumpre do noso compañeiro máis veterano. Foi o cumpre de Joaquín que cumpriu 45 anos. Para celebralo, a parte de cantarlle entre todos o cumpreanos feliz varias veces, realizamos unha sopa de letras gigante preparada previamente por todos nós. A sopa de letras quedou moi bonita e trataba de encontrar palabras relacionadas coa música e co deporte. Algunhas destas palabras eran difíciles de ver pero finalmente entre to-

dos fomos capaces de encontralas moitas delas. Durante a realización da actividade, temos que dicir que escollimos a música elixida polo noso compañeiro Joaquín xa que era o seu día. Despois de rematar a actividade, Joaquín soprou as velas e a continuación todos tomamos croissant acompañado de zume de melocotón. Foi unha tarde especial para o noso compañeiro, na cal esperamos que o pasase moi ben e se sentise xenial nun día tan sinalado para el.





## DESFRUTANDO DA EXPOSICIÓN DE COCHES NAS CANCELAS

O venres 16 íamos ir a Área Central a dar unha volta, xa que o tempo non nos permitía outro plan afora. Sen embargo, no último momento contáronnos que había unha exposición de coches de películas antigas no centro comercial As Cancelas e fomos ata alí.

Ademais de ver escaparates e algún animalíño interesante na tenda de animais, disfrutamos contemplando os increíbles coches. Un dos que máis nos gustou foi un mini da película de Mr. Bean. Durante a mañá, ademais de pasear e contemplar estas obras de arte, fixemos unha parada para tomar algo, e saborear as tapas que nos puxeron.

Algún de nós xa quedaba alí a comer en vez de vir de volta para Sarela, pero finalmente todos regresamos para continuar coa xornada. Se non fostes ver a exposición, recomendámosvola!



### DEPORTE

## VOLTAMOS DE NOVO A CORNES A FACER DEPORTE

Neste mes de febreiro por fin remataron as obras en Cornes e puidemos volver. As saídas a Cornes gústanos moito xa é un sitio amplo onde podemos facer diferentes deportes, cambiamos de aires e ademais podemos relacionarnos con outras persoas. Nesta ocasión, compartimos espazo con persoas de outras

identidades como a de Esclerosis Múltiple de Santiago e tamén co Centro de Educación Especial López Navalón. Todos nós realizamos diferentes actividades deportivas como xogos de puntería, xogamos aos bolos, utilizamos aros e incluso chegamos a xogar ao voleibol.

## CELEBRANDO O ENTROIDO E O DÍA DOS NAMORADOS



No referido as festas, este mes de febreiro veu repleto delas. O martes día 13, celebramos o entroido. A maioría de nós aparecemos con disfraces moi diferentes dende as primeiras horas da mañá e o resto disfrazouse no propio centro. O prato forte do día, chegou pola tarde coa actuación do gran mago Charlei. A esta actuación, ademais dos usuarios de Sarela puideron acudir familiares e amigos nosos. O acto foi impresionante, o mago realizou diversos trucos que nos deixaron moi sorprendidos como: quitar dunha bolsa aparentemente bacía e pequena numerosas caixas, xogos de cores nas que cada un de nós apreciaba a cor dunha forma diferente, a través dun debuxo feito por un compañeiro converteu o debuxo nunha realidade... En xeneral, pensamos que para todos nós foi unha tarde diferente e inesquecible que nos gustaría repetir nun futuro.

Pasado o entroido, sen tempo para descansar, chegou o San Valentín. O día 14 fixemos unha actividade entre todos nós que consistía en ir pasándonos cartas, tratando aspectos positivos dos nosos compañeiros. Foi unha actividade moi bonita na que saíron realmente palabras e frases fermosas de todos nós cara os nosos amigos que nos fixeron sentir moi ben a todos e sentirnos súper queridos.

### O TEMPO

Este mes de febreiro caracterizouse por ser moi frío e húmido. A primeiros de mes, as temperaturas foron baixas e existiu risco de neve. Finalmente, aquí en Santiago, non puidemos ver a neve pero si as grandes xeadas que se produciron. A medida que pasaban os días, chegou a choiva que fixo que as temperaturas subiran un pouco. Choveu con forza e moitas actuacións de entroido tiveron que ser suspendidas por motivos de seguridade. Despois da choiva, saíu o sol pero o tempo continuaba a estar frío e só estando en sitios onde quentase o sol se estaba relativamente ben, podendo así quitar os abrigos. Este panorama de xeadas-choiva- sol repetiuse ata finais de mes o que


trouxo consigo un gran contraste entre temperaturas dificultando así, encontrarse a gusto cun tempo que cambiaba constantemente.

Comeza marzo, e agora si que puidemos dicir que vimos a neve aquí en Santiago. Todo o norte de España apareceu cuberto de branco e incluso nevou a nivel do mar. Logo da nevada, choveu con forza e entrou un gran temporal chamado Félix que trouxo consigo moita choiva e tamén vento facendo que os ríos e os encoros estean completos existindo risco de desbordamento. Despois, entramos noutro temporal, Gisele, que foi breve pero intenso, aínda que nós puidemos continuar coas nosas actividades con normalidade.



**PASATEMPOS**

Neste número, vos poñemos un novo reto, é unha sopa de letras onde teredes que atopar o nome de varias festas que celebramos na nosa comunidade. Fixádevos nos debuxos, igual vos dan algunha pista.



R	V	N	T	C	N	C	F	P	E	A	S	S	D	I	R	S	O	O
C	R	A	S	T	I	M	S	S	I	S	O	A	B	A	M	A	S	M
S	T	P	O	A	S	A	S	H	B	T	C	L	I	S	O	O	R	A
R	I	O	C	O	X	A	A	S	N	B	A	S	A	D	V	O	N	S
E	D	S	A	O	T	A	R	A	N	E	L	A	I	O	H	A	L	E
I	N	T	L	A	A	O	S	N	A	A	D	O	L	R	N	E	V	M
S	H	O	O	H	I	S	A	L	O	A	R	D	L	R	D	T	O	A
E	N	L	E	I	O	A	C	N	U	T	L	D	A	S	L	A	R	N
L	A	O	M	S	S	L	I	E	N	E	C	S	S	A	M	T	N	A
I	A	D	O	P	S	I	R	E	N	C	L	O	I	Z	N	A	C	S
A	C	D	T	A	L	E	T	R	A	S	G	A	L	E	G	A	S	A
O	O	O	T	N	O	N	S	P	A	E	I	O	O	N	E	L	M	N
T	S	N	R	I	N	V	S	A	R	P	I	C	S	M	N	U	O	T
D	B	E	A	D	S	T	E	A	N	A	I	A	I	R	A	O	X	A
M	S	O	L	A	O	N	D	D	S	X	O	A	T	O	E	E	B	V
S	E	N	R	D	S	N	R	N	A	A	O	M	M	Ñ	N	L	G	O
I	A	S	G	E	N	A	D	A	L	D	N	A	N	L	R	U	O	O
N	R	S	A	N	M	A	R	T	I	Ñ	O	A	N	I	A	O	A	C
E	L	S	A	N	V	A	L	E	N	T	I	N	A	A	S	A	N	G



«Dende aquí vexo un camiño  
que non sei adonde vai;  
polo mesmo que n’o sei,  
quixera o poder andas»

*Rosalía de Castro*  
1837-1885



**NO PRÓXIMO NÚMERO...**

*Saídas: Exposición “Punto e seguido– A vida despois do dano cerebral”*

*Festas e eventos: Exposición Auditorio de Galicia, Actividades Semana Santa...*

*Aniversarios: Eva García, Socorro, Chus, Juan Riomayo e Manuel Salgado*

*Entrevista 10: Sergio Pereira, alumno en prácticas Grao de Logopedia.*